

ACTA NÚM. 8/2024.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2024.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 11 de setembro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 19.06.2024.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2024 AO 06.09.2024.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2023.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024.

7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

Dada conta do decreto da Alcaldía do 30.08.2024, que transcrito di:

Antecedentes:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderán adelantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no Concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, por atoparse de vacacións os habilitados nacionais, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o mércores día 4 de setembro ao mércores 11 de setembro, ás 13,00 horas, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno por unanimidade dos trece membros presentes acorda ratificalo.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 19.06.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 7/2024, do 19.06.2024.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2024 AO 06.09.2024.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00371/2024	14/06/2024	ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024.
00372/2024	14/06/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓNS DE REINTEGRO PARCIAL DE SUBVENCIÓN
00373/2024	14/06/2024	VI CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA ENCONTRO COA ARTE
00374/2024	14/06/2024	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (OFICIAL I - TRACTORISTA)
00375/2024	17/06/2024	CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE SOCORRISMO E LIMPEZA DA PISCINA MUNICIPAL.
00376/2024	18/06/2024	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 165
00377/2024	18/06/2024	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE XANTAR DA FESTA DOS MAIORES 2024
00378/2024	18/06/2024	DECRETO DE DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PO 234/2023. DEMANDANTE: C. R. C. C.
00379/2024	18/06/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 189
00380/2024	18/06/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00381/2024	18/06/2024	DECRETO DE DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PO 707/2023. DEMANDANTE: PERSOAL GES.
00382/2024	18/06/2024	DECRETO DE DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PO 705/2023. DEMANDANTE: J. D. R. R.
00383/2024	19/06/2024	M.C. Nº 07/2024: X.C. SUBVENCIÓN RISGA 2024-2025
00384/2024	20/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/27 ENERXÍA ELÉCTRICA
00385/2024	20/06/2024	CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL ANIMAIS PERIGOSOS
00386/2024	20/06/2024	CONCESIÓN DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL
00387/2024	20/06/2024	DECRETO DE CONTRATACIÓN DO PERSOAL RISGA ANO 2024.
00388/2024	20/06/2024	SUBVENCIÓN ESCOLA DE MÚSICA XUNTA 2024
00389/2024	20/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/30 CONTRATO
00390/2024	21/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/28
00391/2024	24/06/2024	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN ORZAMENTO 2024.
00392/2024	24/06/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 25/06/24 ÁS 14:00 H
00393/2024	24/06/2024	DECRETO GASTOS ASISTENCIAS A TRIBUNAL DA PRAZA DE ARQUITECTO
00394/2024	26/06/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00395/2024	26/06/2024	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 02/2022-D
00396/2024	26/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/31 CONTRATO
00397/2024	26/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/32

00398/2024	27/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/29 (+3.000)
00399/2024	27/06/2024	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 91
00400/2024	27/06/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XUÑO 2024
00401/2024	27/06/2024	ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO POSTAL E TELEGRÁFICO.
00402/2024	27/06/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA DE XUÑO 2024.
00403/2024	27/06/2024	APROBACIÓN CERT. Nº 3 E FINAL OBRAS DE MELLORA DO VIARIO EN A TELLEIRA
00404/2024	27/06/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/33 ENERXÍA ELÉCTRICA
00405/2024	28/06/2024	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2024
00406/2024	28/06/2024	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2024
00407/2024	01/07/2024	NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR ADTVO. INTERINO PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS POLO POS-SOCIAL 2024.
00408/2024	02/07/2024	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE.29/2023-M
00409/2024	02/07/2024	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO LIMPEZA EEI DE OS ÁNXELES
00410/2024	03/07/2024	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00411/2024	03/07/2024	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA
00412/2024	03/07/2024	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00413/2024	03/07/2024	M.C. Nº 08/2024: X.C. POR COMPROMISOS FIRMES DE ACHEGA (SUBVS. XUNTA PR486A E PR483C E SUBV. DEPUTACIÓN VII FESTIVAL BRIÓN INCLÚE)
00414/2024	03/07/2024	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XULLO
00415/2024	03/07/2024	M.C. Nº 09/2024: T.C. ENTRE APLICACIÓNS ÁREA DE GASTO 9 PARA ACHEGA MUNICIPAL DE ADQUISICIÓN VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE
00416/2024	04/07/2024	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE CERO EMISIÓNS
00417/2024	04/07/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ESCOLAS MUSICAIS 2024/2025.
00418/2024	04/07/2024	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XUÑO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303.
00419/2024	04/07/2024	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA AXUDAS ESCOLARIZACIÓN CURSO 2024 2025
00420/2024	05/07/2024	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROXECTO MODIFICADO PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS
00421/2024	05/07/2024	OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2024.
00422/2024	08/07/2024	PROGRAMA INTEGRADO DO EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN 2024-2025
00423/2024	08/07/2024	CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN 2024
00424/2024	09/07/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE CAMIÑO DE ESPÍNEIROS A GOIÁNS (AGADER 2024/2025)
00425/2024	09/07/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS MELLORA CAMIÑO DE OS MALLOS A ONS (AGADER 2024/2025)
00426/2024	09/07/2024	DECRETO APROBACION INICIAL DO PADRON FISCAL

		CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DE AUGA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024
00427/2024	09/07/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00428/2024	11/07/2024	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 04/2024-D
00429/2024	11/07/2024	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 05/2024-D
00430/2024	11/07/2024	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 06/2024-M
00431/2024	11/07/2024	CONSTRUCCIÓN DE NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN CAXUSA E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE SABAXÁNS.
00432/2024	12/07/2024	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA XUÑO 2024
00433/2024	12/07/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/35 CONTRATO
00434/2024	12/07/2024	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XUÑO 2024
00435/2024	15/07/2024	M.C. Nº 10/2024: X.C. SUBVENCIONS AUGAS DE GALICIA CÓDIGOS PROC. AU301D E AU301E
00436/2024	15/07/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 16/07/2024 ÁS 14:00 HORAS
00437/2024	15/07/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO
00438/2024	16/07/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 190
00439/2024	16/07/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/36 (+3.000)
00440/2024	17/07/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00441/2024	17/07/2024	M.C. Nº 11/2024: IRC 2023/2024 FINANCIADOS INTEGRAMENTE CON COMPROMISOS DE AGHEGA (PGFA 2021/2/CAGRA/1 E 2022/2/GOSEN/1/1)
00442/2024	18/07/2024	DECRETO APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAUDE: NOVO PARQUE CUBERTO DA CAXUSA E MELLORA DO PARQUE SABAXÁNS.
00443/2024	18/07/2024	APROBACIÓN CERT. 1 E ÚNICA OBRA MELLORA DO VIARIO DA ALDEA DE ESPARÍS A DP-1302 E OUTROS
00444/2024	18/07/2024	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL. PEÓN GES.
00445/2024	19/07/2024	LICENZA PARA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
00446/2024	19/07/2024	LICENZA DE ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSOS E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL
00447/2024	19/07/2024	LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO
00448/2024	19/07/2024	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS PONTENCIALMENTE PERIGOSOS COMO PASEADOR LICENZA Nº 5/2024
00449/2024	19/07/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA ILLA DE AROUSA E O CONCELLO DE BRIÓN EN MATERIA DE POLICÍA LOCAL.
00450/2024	19/07/2024	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO DE LIMPEZA DE VARIOS EDIFICIOS MUNICIPAIS.
00451/2024	22/07/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR RECUPERACIÓN E EMBELECEMENTO DE ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS DE BRIÓN: FONTE E LAVADOIRO DE BOAVENTURA E FONTE E LAVADOIRO DE ALQUEIDÓN
00452/2024	22/07/2024	LIQUIDACIÓN CONCELLO DE BRIÓN 50% DA ACHEGA PREVISTA NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS

		CONCELLOS DE AMES E BRIÓN PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO
00453/2024	22/07/2024	APROBACIÓN AUDITORÍA ABASTECIMENTO DE AUGA.
00454/2024	22/07/2024	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL XULLO 2024
00455/2024	23/07/2024	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE OBRA SUBSTITUCIÓN DO TUBAXE DEFECTUOSO EN LAMIÑO.
00456/2024	23/07/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE AUDITORÍA MUNICIPAL DA REDE DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS.
00457/2024	23/07/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00458/2024	23/07/2024	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN MANTEMENTO ASCENSORES
00459/2024	24/07/2024	LIQUIDACIÓN CONCELLO DE BRIÓN 25% DA ACHEGA PREVISTA NO CONVENIO PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
00460/2024	24/07/2024	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN TAXA AUGAS DE GALICIA
00461/2024	26/07/2024	DESENVOLVEMENTO, IMPLANTACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA REDE AUTONÓMICA DE ESTACIÓNS DIXITAIS DE MONITORIZACIÓN DE SISTEMAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ALTA PARA O ANO 2024
00462/2024	26/07/2024	SUBVENCIÓN ESCOLA DE MÚSICA XUNTA 2024
00463/2024	26/07/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. XULLO 2024.
00464/2024	26/07/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/38 CONTRATO
00465/2024	29/07/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/37
00466/2024	29/07/2024	DECRETO ASISTENCIAS A SESIÓNS CONCELEIROS 01.01.2024 A 30.06.2024
00467/2024	30/07/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/39 (+3.000)
00468/2024	30/07/2024	FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2024.
00469/2024	30/07/2024	APROBACIÓN DE PRÓRROGA CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA CASA DO CONCELLO E CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
00470/2024	30/07/2024	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2023
00471/2024	30/07/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XULLO 2024
00472/2024	31/07/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/41 (+3.000)
00473/2024	31/07/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/40
00474/2024	31/07/2024	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2024
00475/2024	31/07/2024	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES XULLO 2024
00476/2024	01/08/2024	M.C. Nº 12/2024: IRC 2023/2024 FINANCIADA ÍNTEGRAMENTE CON RLTGX (PG 2023/2/AMPAB/1 y 2023/2/ACOND/1)
00477/2024	01/08/2024	DECRETO CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA URXENTE DE SERVIZOS DO 05.08.2024 ÁS 12:00H.
00478/2024	01/08/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE

		PEDROUZOS
00479/2024	02/08/2024	SUBVENCÍONS PARA CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
00480/2024	02/08/2024	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA PARA O DÍA 05.08.2024 ÁS 14 HORAS.
00481/2024	05/08/2024	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 28/08/2024, ÁS 13.00 HORAS.
00482/2024	06/08/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAUDE DA OBRA DE RECUPERACIÓN E EMBELECEMENTO DE ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS DE BRIÓN: FONTE E LAVADOIRO DE BOAVENTURA E FONTE E LAVADOIRO DE ALQUEIDÓN.
00483/2024	06/08/2024	DECRETO DE APROBACIÓN PLAN DE SEG. E SAUDE DA OBRA DE MELLORA CAMIÑO DE ESPÍNEIROS A GOIÁNS.
00484/2024	06/08/2024	MELLORA DE CAMIÑO DE OS MALLOS A ONS. (PLAN CAMIÑOS AGADER 2024/2025)
00485/2024	06/08/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO TUBAXE DEFECTUOSO EN LAMIÑO.
00486/2024	07/08/2024	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA XULLO
00487/2024	07/08/2024	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XULLO
00488/2024	07/08/2024	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XULLO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303.
00489/2024	08/08/2024	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMU. PREVIA OBRAS
00490/2024	12/08/2024	DECRETO BONIFICACIÓN IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS
00491/2024	13/08/2024	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE MODIFICACIÓN DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN
00492/2024	14/08/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 191
00493/2024	20/08/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00494/2024	20/08/2024	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TASAS POLO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024
00495/2024	20/08/2024	DECRETO DE PRÓRROGA DO CONTRATO LABORAL DE TRACTORISTA.
00496/2024	20/08/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO POR NON IDENTIFICACIÓN CONDUTOR
00497/2024	20/08/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DAS BASES DA XLI CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA
00498/2024	21/08/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00499/2024	22/08/2024	RESOLUCION SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO
00500/2024	22/08/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PEÓN GES.
00501/2024	28/08/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO POR NON IDENTIFICACIÓN CONDUTOR

00502/2024	29/08/2024	DECRETO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2024.
00503/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CEIP DE PEDROUZOS
00504/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. IES BRIÓN
00505/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. EEI OS ÁNXELES
00506/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. EEI SABAXÁNS
00507/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA DE BRIÓN
00508/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. SOCIEDADE DEPORTIVA CAZADORES ALTAMIRA
00509/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. SOCIEDADE DEPORTIVA BRIÓN
00510/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. SOCIEDADE DEPORTIVA LUAÑA
00511/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. UNIÓN DEPORTIVA BASTAVALES
00512/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CLUB PATINAXE BRIÓN
00513/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CLUB PATINAXE TORRES DE ALTAMIRA
00514/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CLUB BALONCESTO BRIÓN
00515/2024	29/08/2024	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. CLUB DEPORTIVO BRIÓN
00516/2024	30/08/2024	DECRETO CORRECCIÓN ERROS ASISTENCIAS A SESIÓNS CONCELLEIROS 01.01.2024 A 30.06.2024
00517/2024	30/08/2024	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2024
00518/2024	30/08/2024	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2024
00519/2024	30/08/2024	RETRASANDO DATA CELEBRACIÓN SESIÓN PLENARIA DO 04.09.2024.
00520/2024	30/08/2024	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2024.
00521/2024	30/08/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - AGOSTO 2024
00522/2024	02/09/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/42
00523/2024	02/09/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/43 (+3.000)
00524/2024	02/09/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/44 CONTRATO
00525/2024	03/09/2024	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS AUGAS DE GALICIA
00526/2024	04/09/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO
00527/2024	04/09/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/45 ENERXÍA ELÉCTRICA
00528/2024	04/09/2024	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2024.
00529/2024	06/09/2024	DECRETO DA CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO 11.09.2024, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2023.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2023 aprobada por resolución da alcaldía do 30.07.2024, que transcrita di:

ASUNTO: APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EJERCICIO 2023

EXPEDIENTE: 2024/G003/000478

ANTECEDENTES:

Confeccionada a Liquidación do Orzamento Municipal do 2023, de conformidade coa normativa de aplicación, e especialmente coas seguintes disposicións:

- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, art.191 a 193.
- Real Decreto 500/90 de 20 de abril; art. 89 a 105.
- Orde EHA/3565/2008, pola que establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, aproba a Instrución Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación as Entidades Locais (Regulamento).

Emitido o informe preceptivo pola Intervención Municipal en data 30 de xullo do 2024 de conformidade co establecido no art. 90.1 do RD 500/1990, de 20 de abril e do art. 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo de 5 de marzo, así como o informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda en data 30 de xullo de 2024.

En virtude das competencias que me confire a normativa e de acordo co establecido nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2023, que ten os seguintes resultados:

a.- Resumo por capítulos:

GASTOS PRESUPUESTARIOS	C.I.	M.C.	C.D.	O.R.N.	%	PAGOS REALIZADOS	REINTEGRO DE PAGOS	PAGOS LIQUIDOS	PENDIENTES DE PAGO
1. Gastos de personal	2.819.228,47 €	-121.248,22 €	2.697.980,25 €	2.508.314,78 €	92,97	2.455.901,88 €	76.907,02 €	2.378.994,86 €	52.412,90 €
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	2.987.619,31 €	851.716,70 €	3.839.336,01 €	3.546.774,31 €	92,38	3.050.039,75 €	35.517,21 €	3.014.522,54 €	496.734,56 €
3. Gastos financieros	9.100,00 €	0,00 €	9.100,00 €	260,58 €	2,86	260,58 €	50,25 €	210,33 €	0,00 €
4. Transferencias corrientes	613.476,94 €	5.077,94 €	618.554,88 €	531.295,46 €	85,89	509.102,96 €	0,00 €	509.102,96 €	22.192,50 €
5. Fondo de contingencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

6. Inversiones reales	791.891,92 €	3.324.697,91 €	4.116.589,83 €	2.222.793,53 €	54,00	1.624.650,97 €	0,00 €	1.624.650,97 €	598.142,56 €
7. Transferencias de capital	25.411,66 €	0,00 €	25.411,66 €	5.675,84 €	22,34	0,00 €	0,00 €	0,00 €	5.675,84 €
8. Activos financieros	24.000,00 €	0,00 €	24.000,00 €	1.200,00 €	5,00	1.200,00 €	0,00 €	1.200,00 €	0,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	7.270.728,30 €	4.060.244,33 €	11.330.972,63 €	8.816.314,50 €	77,81	7.641.156,14 €	112.474,48 €	7.528.681,66 €	1.175.158,36 €

INGRESOS PRESUPUESTARIOS	P.I.	M.C.	P.D.	D.R.N.	%	DERECHOS RECAUDADOS	DEVOLUCIONES DE INGRESOS	RECAUDACIÓN LÍQUIDA	PENDIENTE DE COBRO
1. Impuestos directos	2.239.251,78 €	0,00 €	2.239.251,78 €	2.026.199,32 €	90,49	2.026.199,32 €	0,00 €	2.026.199,32 €	0,00 €
2. Impuestos indirectos	113.160,82 €	0,00 €	113.160,82 €	114.525,36 €	101,25	109.381,05 €	219,06 €	109.161,99 €	5.363,37 €
3. Tasas y otros ingresos	1.442.322,47 €	0,00 €	1.442.322,47 €	1.279.535,44 €	88,71	1.256.454,61 €	1.232,79 €	1.255.221,82 €	24.313,62 €
4. Transferencias corrientes	3.280.272,93 €	127.605,74 €	3.407.878,67 €	3.574.556,03 €	104,89	3.576.400,49 €	148.020,96 €	3.428.379,53 €	146.176,50 €
5. Ingresos patrimoniales	2.240,06 €	0,00 €	2.240,06 €	1.786,23 €	79,74	1.645,73 €	0,00 €	1.645,73 €	140,50 €
6. Enajenación de inversiones reales	0,00 €	0,00 €	0,00 €	3.388,00 €	0,00	3.388,00 €	0,00 €	3.388,00 €	0,00 €
7. Transferencias de capital	169.480,24 €	1.158.116,46 €	1.327.596,70 €	853.409,16 €	64,28	853.409,16 €	0,00 €	853.409,16 €	0,00 €
8. Activos financieros	24.000,00 €	2.774.522,13 €	2.798.522,13 €	1.200,00 €	0,04	1.200,00 €	0,00 €	1.200,00 €	0,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	7.270.728,30 €	4.060.244,33 €	11.330.972,63 €	7.854.599,54 €	69,32	7.828.078,36 €	149.472,81 €	7.678.605,55 €	175.993,99 €

b.- Remanente de Tesouraría:

1. FONDOS LÍQUIDOS		5.029.080,48
2. DERECHOS PENDIENTES DE COBRO		511.158,88
	a. + Del presupuesto corriente	175.993,99
	b. + De presupuestos cerrados	324.757,36
	c. + De operaciones no presupuestarias	10.407,53
3. - OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO		1.380.207,94
	a. + Del presupuesto corriente	1.175.158,36
	b. + De presupuestos cerrados	1.823,37
	c. + De operaciones no presupuestarias	203.226,21
4. - PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN		-30.495,50
	a. - Cobros realizados pdte de aplic.definitiva	36.124,59
	b. + Pagos realizados pdte de aplic.definitiva	5.629,09
I. REMANENTE DE TESORERÍA TOTAL (1+2-3+4)		4.129.535,92
II. SALDOS DE DUDOSO COBRO		306.623,64
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		7.401,62
IV. REMANENTE TESORERÍA PARA GTO GRALES (II+III)		3.815.510,66
V. SALDO DE OBLIGACIONES PENDIENTES DE APLICAR AL PRESUPUESTO A FINAL DE PERÍODO		36.064,08
VI. SALDO DE ACREEDORES POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS AL FINAL DE PERÍODO		16,84
VII. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES AJUSTADO (IV-V-VI)		3.779.429,74

c.- Resultado orzamentario:

CONCEPTOS	DCHOS R. NETOS	OBLIG. R. NETAS	AJUSTES	RTDO PPTARIO
a. Operaciones corrientes	6.996.602,38	6.586.645,13		409.957,25
b. Operaciones de capital	856.797,16	2.228.469,37		-1.371.672,21
1. Total operaciones no financieras (a+b)	7.853.399,54	8.815.114,50		-961.714,96
c. Activos financieros	1.200,00	1.200,00		

d. Pasivos financeiros	0,00	0,00		
2. Total operacións financeiras (c+d)	1.200,00	1.200,00		
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJ. (1+2)	7.854.599,54	8.816.314,50		-961.714,96
AJUSTES (3+4-5)				1.319.188,65
3. Créditos gastados financiados con RTGG			1.481.211,46	
4. Desviacións de financiación negativas del ej.			427.515,47	
5. Desviacións de financiación positivas del ej.			589.538,28	
RTDO PRESUPUESTARIO AJUSTADO				357.473,69

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación e remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

E dada conta igualmente do informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2023, de data 30.07.2024, que sinala en resumo que: A liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2023 incumpriría o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e cumpriría co límite de débeda, emitíndose este informe en cumprimento de imperativo legal, se ben con efectos meramente informativos, ao estar as regras fiscais suspendidas en 2023.

O Pleno toma coñecemento.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2024, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2024, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) MOCIÓN.

Aprobase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia dos seguintes asuntos:

7.1. MOCIÓN CONXUNTA DOS TRES GRUPOS MUNICIPAIS PARA SOLICITAR MÁIS RECURSOS HUMANOS PARA O CEIP PEDROUZOS.

Dada conta da moción referenciada do 11.09.2024, que transcrita di:

Exposición de motivos:

As familias do CEIP de Pedrouzos levan tempo trasladando, tanto á Inspección como ao Departamento de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación

Profesional e Universidades, a súa preocupación pola falta de atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e a parte do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NNEE) debido á falta de continuidade na xefatura do Departamento de Orientación do centro, que tamén da cobertura ás escolas infantís dos Ánxeles e de Sabaxáns. Isto é debido a que a persoa titular do posto leva máis dunha década en comisión de servizos e cada ano é substituído por unha persoa nova, o que supón un atraso no desempeño das súas funcións.

Iso levou ás familias do CEIP de Pedrouzos a solicitar en 2023 a intervención da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprometéndose a Inspección a informar da situación do Departamento de Orientación para buscar unha solución á actual situación e a informar favorablemente á provisión dun/dunha Mestre/a de Pedagogía Terapéutica (PT) a maiores no curso 2024-2025 debido á cantidade de alumnado con necesidades educativas especiais. Un compromiso que consta na acta elaborada polo inspector de Educación na reunión mantida coa ANPA e o CEIP de Pedrouzos o pasado 13 de maio de 2024. Un compromiso que aínda non se cumpriu cando estamos xa no inicio do curso 2024-2025.

Ademais, a Orde do 2 de agosto de 2024 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos recolle que o CEIP de Pedrouzos perde unha unidade de Infantil, pasando de 5 a 4, e mantén as 18 unidades de Primaria. Isto significaría que o centro incumpriría as ratios establecidas no Acordo entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións sindicais CCOO, ANPE e UGT-SIP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso concreto do CEIP de Pedrouzos, esas ratios incumpriríanse en 6º de Educación Infantil e nos cursos de 4º e 5º de Educación Primaria, ao duplicarse o alumnado con necesidades educativas especiais recoñecidas. Dende o centro escolar solicitouse engadir os postos necesarios para evitar o incumprimento das ratios e as 2 persoas de reforzo que se acordaran coa Inspección de Educación na reunión do pasado mes de maio.

Porén, tan só se concedeu dúas titorías, para o desdobre de 6º de Infantil e de 5º de Primaria, e unha segunda aula de Audición e Linguaxe (AL), que xa había no curso 2023-2024 e que a propia Inspección de Educación recoñeceu como insuficiente. Así mesmo, o posto do titor que se prexubilou o pasado 31 de agosto só foi cuberto con medio titor.

Por todo o exposto anteriormente, os tres grupos municipais do Concello de Brión acordan:

1º) Manifestar o seu apoio ás reclamacións presentadas pola dirección do CEIP de Pedrouzos, a ANPA Andaravía e a concelleira de Educación do Concello de Brión diante da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

2º) Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que cubra a vacante do titor/titora de Primaria cunha persoa a tempo completo.

3º) Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a incorporación dun/dunha Mestre/a de Pedagogía Terapéutica para garantir unha atención de calidade tanto ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo como ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

4º) Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que autorice o reparto do alumnado de 4º de Primaria en catro grupos, para así manter a ratio por debaixo dos 25 alumnos/as.

5º) Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades unha solución definitiva á provisionalidade do Departamento de Orientación do CEIP Pedrouzos achegando un segundo posto de orientador/a.

6º) Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que axilice as peticións da ANPA do CEIP Pedrouzos na convocatoria de axudas para o cofinanciamento dos servizos de comedor escolar, de modo que cubran as necesidades do comedor escolar brionés. En caso contrario, instar á Administración a que facilite a contratación dos monitores/as profesionais precisos para atender as necesidades do alumnado, cumprindo así co disposto na Orde do 21 de febreiro de 2007 e o Decreto 132/2013.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

7.2. MOCIÓN SOBRE APROBACIÓN DE NOVAS COTAS PROVISIONAIS Á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA.

Dáse conta do escrito remitido pola Mancomunidade polo que se notifica o acordo da Xunta Reitora do 03.04.2024, polo que se aproban as cotas provisionais para facer fronte aos gastos ordinarios da Mancomunidade, con efectos desde o 01.01.2024 ata a aprobación das cotas definitivas cando se aprrobe o orzamento da Mancomunidade, polo que se establecen para este Concello as seguintes cotas:

% reparto anual	Coste actual	% produción	Coste produción	% habitantes	Coste habitantes	% Servizo	Coste servizo	% MEDIO	Coste ano 2024
9,12%	36.009,40	6,76%	52.472,94	9,06%	70.326,16	9,64%	74.828,27	8,65%	67.104,82

Pola alcaldía expónse que tratase de aprobar polo Pleno estas novas cotas provisionais, para posteriormente poder esta alcaldía aprobar os pagamentos mensuais que se deriven para o Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que nós ímonos abster porque hai moitos anos que non se celebra unha Asemblea da Mancomunidade, que é quen ten que tomar os acordos para o funcionamento da Mancomunidade..

O Sr. Alcalde expón que leva cinco anos sen convocarse, e que ou se paga ou se para o servizo, e eu non me vou facer responsable diso, que a Mancomunidade leva vinte anos con problemas, e non é doado tomar acordos, mañá hai Xunta Xeral, en 2010 non adecuaron as cotas á realidade e hai unha débeda que hai que pagar e quen no queira pagar a débeda que veña ao xulgado a pagar comigo.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción de aprobación das novas cotas provisionais a pagar polo Concello con carácter provisional polos gastos ordinarios da Mancomunidade anteriormente especificada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 7, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e BNG (3).

Queda aprobada a moción.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

8.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Sobre a situación de recorte de profesorado no CEIP de Pedrouzos.

Tristemente, ao igual que aquel 14 de setembro de 2018, vemos como a educación das nosas crianzas se ve resentida polo recorte de profesorado.

No 2018 afectaba ao IES de Brión, nesta ocasión tócalle ao CEIP de Pedrouzos, cun recorte que afectará gravemente ao alumnado e moi significativamente as crianzas con NEE, xa que, non contar co reforzo necesario para atender estas necesidades é habitual ano tras ano, mesmo sen sequera poder ser avaliado para recibir un diagnóstico e en consecuencia recibir a atención e axuda adecuada.

Este recorte imposibilita tamén a creación dunha 4ª liña en 4º e 5º de EP, incumprindo gravemente o acordado entre Xunta e Sindicatos de non superar a ratio de 25 alumnos por aula.

Sabendo que sodes coñecedores do escrito que a ANPA dirixiu á Dirección Xeral de Recursos Humanos e Centros da Consellería, para exixir unha solución a esta situación, mesmo ofrecéndoos ser partícipes do mesmo (sen ningunha carga administrativa agás o apoio en forma de sinatura) e a pesar disto non recibiron unha contestación positiva senón que *"non tivemos oportunidade de xuntarnos e informar a situación"*.

Dito todo isto, a nosa pregunta é:

Cal é a postura deste Concello ante a problemática, e que medidas e accións se van tomar a curto prazo para evitar que a situación se converta nunha realidade sen volta atrás?

A Srª. Concelleira Andrade Carrillo sinala que respecto desta primeira pregunta xa vimos que chegouse a un acordo.

2. Sobre a falta de voluntariado para o bo desenvolvemento do comedor escolar.

A Srª. Concelleira Andrade Carrillo da lectura ás preguntas, que transcritas din:

Voltamos de novo, como vén sendo habitual cada comezo de curso, coa problemática no servizo de comedor do CEIP de Pedrouzos.

Como tamén sabedes, de novo hai menos persoas voluntarias das exixidas por lei para poder garantir a seguridade dunha boa atención ás nosas crianzas durante un servizo tan necesario na conciliación como é o comedor escolar.

Obviando que tanto este tema como o exposto anteriormente debería ser tratado no Consello Escolar Municipal, para o cal, no Pleno, deron a palabra de constituír antes de rematar o 2023 (unha vez máis vemos que neste Concello ás palabras lévaas o vento) lembramos que tanto o equipo de goberno actual como o PP votaron en contra das axudas que o BNG propuxo (e mesmo levamos no programa) para asuntos de emerxencia escolar e concretamente este que nos ocupa hoxe.

No caso do equipo de Goberno entendo que o voto en contra foi polo flamante proxecto que venderon no programa, a creación dun servizo de conciliación, que se prevía inmediato por contar incluso con espazo físico. Pero para o cal, corríxanme se me equivoco, non hai nin data de comezo nin de fin.

Ante isto as nosas preguntas son:

Que medidas e/ou solucións inmediatas se van levar a cabo para o bo funcionamento no comedor este curso 2024/2025?

Cando dispoñemos dese servizo de conciliación prometido polo Concello?

Dispoñen dunha nova data para creación do Consello Escolar Municipal, dado que a prometida xa expirou?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que a nosa mensaxe é clara, sempre estamos ao carón dos centros educativos do Concello; somos conscientes da necesidade, así quero recordar que o Concello asumiu o gasto dos monitores na pandemia, sen ser unha competencia municipal.

Hai dous anos tivemos unha xuntanza para rematar con este problema que se da todos os anos, a Xunta quedou en remitir normativa e vías para poder executar actuacións neste tema, dous anos despois non nos mandaron nada; estamos en conversas con outras administracións para poder por en marcha o servizo de conciliación que sería no CEIP.

3. Sobre os continuos problemas co subministro de auga (ver anexo).

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira da lectura ás preguntas, que transcritas din:

Anexamos nesta pregunta o cadro de todos os numerosos cortes de auga e outros problemas varios, a este cadro feito ata xuño habería que engadir os cortes do 13, 20, 23 e 27 de agosto entre o Alqueidón e Lamiño (lugar especialmente afectado polos cortes). Somos conscientes a través da concesionaria da precariedade da rede en moitos lugar e tamén dos traballos para unha nova adxudicación, traballos que como todo neste concello van a ritmo pausado por dicilo suavemente. O certo é que xa son moitos os veciños e veciñas que están cansos de soportar os inconvenientes de situacións que se veñen repetindo de forma regular e que non atopan unha solución urxente (máis aló da reparación).

A nosa pregunta é: cal é realmente a problemática actualizada na rede de auga do Concello de Brión? Cal é a posición do goberno actual? Como están os traballos para a adxudicación do novo servizo e cal é a previsión no cambio (se fora necesario tal e como parece) das tubaxes e conexións en determinados puntos?

DATA	CAUSA	ORIXE	ZONAS AFECTADAS
24/6/2024	Rotura tubaxe	Rúa Tarrío	Adoufe, A Senra, Guitiande, Avda. de Noia, Avda. Vicente Ramos, Urb. Balneario, R/ Santiago, O Cabo, Avda. dos Ánxeles
30/5/2024	Avaría	Liñares	Liñares (Brión)
23/5/2024	Avaría		Tembra, Cantelar, Cabanas, Gundín, O Casal, Souto e Gosende
13/5/2024	Avaría		Avda. de Noia, R/ Senra, Pz. Santo Antonio, R/ da Fonte, R/ Pomba (Os Ánxeles)
30/4/2024	Avaría		Avda. de Noia, Urb. Balneario, Avda. Vicente Ramos, Guitiande, O Cabo (Os Ánxeles)
12/3/2024	Reparación tubaxe		Ombre, Esparís, Forxán, Salaño Peq., Salaño Gr., Mourentáns, Fonte Paredes, Ons, Pazos
8/3/2024	Reparación tubaxe	Esparís	Esparís (Viceso)
24/1/2024	Traballos de mellora	O Cabo	O Cabo (Os Ánxeles)
16/1/2024	Reparación tubaxe	Liñares	Liñares (Brión)
27/7/2023	Reparación tubaxe	Liñares	Liñares (Brión)
11/7/2023	Reparación tubaxe	Bemil	Bemil (Bastavales)
6/6/2023	Reparación tubaxe	Chave de Ponte	Chave de Ponte (Bastavales)
19/5/2023	Avaría	R/ da Pomba	Rúas da Pomba, A Fonte e Santiago (Os Ánxeles)
16/5/2023	Rotura tubaxe	O Cabo	O Cabo (Os Ánxeles)
9/5/2023	Rotura tubaxe	O Cabo	O Cabo (Os Ánxeles)
27/3/2023	Rotura tubaxe		Avda. de Noia, Guitiande e Urb. Balneario do Tremo
3/3/2023	Rotura tubaxe	Liñares	Liñares (Brión)
16/2/2023	Rotura tubaxe	Liñares	Liñares (Brión)
10/2/2023	Rotura tubaxe		Brans de Baixo, O Enxo (Brión)
2/2/2023	Rotura tubaxe		R/ Pedriñas, Paseo de Pedrouzos (Brión)
25/1/2023	Rotura tubaxe	Liñares	Liñares (Brión)
8/11/2022	Rotura tubaxe		Guisande, Reboredo Grande, Reboredo Peq., Vilas, Sanín
26/10/2022	Rotura tubaxe	Lamiño	Lamiño (Brión)
22/3/2022	Reparación rede	Urb. Monte Devesa	Urb. Monte Devesa (Os Ánxeles)
18/3/2022	Reparación rede	Urb. Monte Devesa	Urb. Monte Devesa (Os Ánxeles)
17/12/2021	Avaría	Brión de Riba	Aguiar, Brans de Riba (Brión)
9/12/2021	Rotura tubaxe	Brión de Riba	Brión de Riba (Brión)
19/10/2021	Traballos de mellora		Gundín, Lago, Cabanas, Gontade, Gosende (Os Ánxeles); Saíme (Bastavales)
3/9/2021	Traballos de		A Igrexa, Bastavaliños, Bemil, Casaldoeiro, Coruxido, Osebe, Romarís,

	mellora		Soigrex (Bastavales)
8/9/2021	Avaría	Chave de Carballo	Chave de Carballo (Bastavales)
6/5/2021	Traballos mantemento		Lamiño, O Enxo, Brans de Baixo (Brión)
26/4/2021	Rotura tubaxe	Babenzo	Babenzo (Bastavales)
23/4/2021	Avaría	Lamiño	Lamiño (Brión)
4/3/2021	Traballos de mellora		A Igrexa, A Telleira, Babenzo, Beca, Bastavaliños, Bemil, Casaldoeiro, Caxusa, Chave de C., Chave de P., Cirro, Coruxido, Fontao, Gándara, Osebe, Outeiro, Romarís, Sabaxáns, San Salvador, Soigrex, Soutullos, Vidaloiño, Xinzo (Bastavales); Outeiro, O Rial, Pérros, Vilanova (Os Ánxeles)
12/1/2021	Rotura tubaxe	Guitiande	Guitiande (Os Ánxeles)

A Sr^a Concelleira Cebal Gómez sinala que o Concello xa arranxou o principal problema que había, que estaba en Lamiño, e fíxose a través dunha subvención; a maior parte da rede do Concello está arranxada, as maiores incidencias estaban en Lamiño, engadir que temos 149 km de rede a as incidencias son proporcionais a esa lonxitude, o próximo ano se farán en Vilas e Sabaxáns, pouco a pouco vanse facendo melloras na rede. Engade que o 30% das avarías son cando se están facendo obras, e outras cando se están cambiando as tubaxes.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira solicita que os veciños coñezan cando se vai cortar.

O Sr. Alcalde sinala que por obras ou roturas hai cortes, e as veces son moitos máis que os do seu excell. No Cabo cortouse un mes cando se estaban facendo as obras polo Concello, pero son cortes que se fan para mellorar.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira solicita que sinalicen na estrada as obras con antelación.

O Sr. Alcalde sinala que estamos mellorando a rede.

8.2. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Os veciños da aldea de O Enxo e Brans de Abaixo presentan varias queixas sobre o estado de acceso as aldeas. Solicítase que se arranxen ditas deficiencias na estrada na maior brevidade posible. Xúntanse fotografías do estado de asfaltado.

A Sr^a Concelleira Cebal Gómez sinala que tomamos nota.

2. Así mesmo, varios veciños nos indican como está o tramo de Santo Arandel a Beca, unha estrada que non hai tanto tempo que está asfaltada e que ten unhas fochancas considerables co perigo que iso implica.

A Sr^a Concelleira Cebal Gómez sinala que esta obra está en garantía e requirimos á empresa que faga as reparacións das deficiencias, e non só nesta, tamén en outras feitas por esa empresa.

3. Así mesmo, en Vilas, remítese fotografía dun tramo de beirarrúa, como se pode ver o estado no que está e co perigo que iso implica para os peóns, solicítase o seu arranxo na maior brevidade posible.

A Sr^a Concelleira Cebal Gómez sinala que a fotografía non é Vilas, senón Soigrex, e iso xa está arranxado, e na contorna da igrexa xa está arranxado.



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

4. Como xa trouxemos varias veces a este Pleno, xúntanse fotografías da saída de San Salvador, o estado no que está, cheo de fochancas. Solicítase que, na medida do posible, se atenda a reparación desta zona.

A Sr^a Concelleira Cebal Gómez sinala que tomamos nota.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González